

## **A CREACIÓN DO MATERIAL FINAL**

Xa falamos dos 3 pasos nos que consiste a creación dun material ou publicación deste tipo:

1. Traballar nos materiais que van formar a publicación tales como texto, vídeo, fotografías, sons, etc.
2. Elaborar a base en PDF (ou outro formato compatible)
3. Subir a base á plataforma de traballo e completar a súa interactividade.

Nos dous primeiros temas realizamos os puntos 1 e 2 e neste continuaremos (e remataremos) co 3.

A plataforma escollida para realizar este traballo durante a formación é CALAMEO. Un coñecido xestor de publicacións de orixe francesa na que ademais de ler multitude de revistas permite que subamos e compartamos as nosas propias.

Escollemos esta en concreto xa que no seu modo de balde podemos facer moitas cousas que ningunha outra permite neste modo máis económico. Fundamentalmente estas funcións que ofrece son: incrustar vídeos e sons.

Outra posibilidade moi interesante que nos ofrece de balde Calamèo e a capacidade de engadir botóns de enlace internos da publicación. É dicir, podemos establecer áreas que tan só con facer un clic nos leven ata outro lugar do documento, como por exemplo unha páxina cas solucións a exercicios propostos, anexos con material gráfico ou audiovisual extra, etc. Así dotaremos dun modo sinxelo as nosas publicacións dunha interactividade moi elevada.

O primeiro paso é crear unha conta na propia plataforma xa que todo o traballo a partir de agora realizarase en liña.

Podedes acceder a plataforma no enderezo web: <https://www.calameo.com/> onde na súa parte superior directamente atoparedes as opcións fundamentais.



Para acceder tan só teremos que crear unha conta ou acceder cas nosas credenciais de Facebook, LinkedIn ou Google. Ao premer en “rexistrarse de balde” ou en “conexión” aparécenos a xanela axeitada para isto.

Únase a nosotros para empezar a publicar

f G+ in

o

Mi nombre de cuenta


Mi dirección de correo electrónico

Mi contraseña

Unha vez feito isto estaremos dentro da plataforma co que xa ao premer sobre o noso nome na parte superior dereita podemos comezar a traballar. Cando prememos sobre o noso nome aparecen unha serie de opcións. Das que salientamos “PUBLICACIONES”, xa que é onde debemos premer cando accedamos o resto de veces a Calameo para poder seguir traballando.



O primeiro paso que temos que dar é premer en PUBLICAR. Botón que atopamos en cor azul. Tras premer aquí unha nova xanela aparece. É aí onde debemos buscar o noso arquivo base. O que traballamos no segundo tema.




Unha vez seleccionado o arquivo apareceranos unha nova xanela ca información básica do documento, na que realmente non podemos facer moito na versión de balde. Unha das cousas que podemos modificar é o modo de visualización para os lectores. Isto farémolo tras premer na pestana PERSONALIZACIÓN. Aí poderemos escoller entre diferentes “skins”, e dicir: modificar o aspecto xeral cando os lectores accedan a nosa publicación.

## 2 Parte 2




General   Compartir   Personalización

**Mi skin**



**Archivo URL de logo personalizado**  
[Ninguno](#)

**Enlace URL de redirección de logo**  
[Ninguno](#)

**Imagen de fondo URL**  


**URL de la página de sonido flipping**  
[Ninguno](#)

Ejecutar efectos de sonido

**URL de música de fondo**  
[Ninguno](#)


Ejecutar música de fondo sólo una vez

CANCELAR

**PUBLICAR AHORA**


Unha vez seleccionado o “skin” axeitado tan só temos que premer en **PUBLICAR AHORA**, na parte inferior dereita e en cor verde para comezar a traballar.

Cando remate de subir o documento directamente o sistema lévanos a zona onde podemos controlar as distintas publicacións que imos subindo. Tan só con situar o rato enriba dunha das publicacións aparece un menú onde premeremos en **EDITOR** (salientado en azul na vindeira imaxe) e que, agora si, levaranos ata a zona de traballo para esa publicación en exclusiva.



Tras un breve proceso de carga, dependiendo de como sexa o noso documento de longo, accedemos ao “Calamèo Editor”, unha aplicación interna da plataforma que para a nosa sorte é MOI SINXELA e INTUITIVA polo que non imos ter ningunha complicación en facernos co seu control de xeito case inmediato.





- NA PARTE ESQUERDA temos a barra de ferramentas que podemos empregar na opción de balde de Calamèo
- NA PARTE DEREITA temos un índice de miniaturas cas que navegar polo noso documento. Neste caso só aparece unha xa que esta publicación de mostra tan só ten 1.
- NA PARTE INFERIOR temos o sistema mediante o cal pasamos de folia, facemos zoom de xeito xeral e decidimos se ver as publicacións como un libro aberto ou por follas separadas.


Como vedes, todo moi doado. Imos centrarnos basicamente en coñecer brevemente cada unha das ferramentas da barra que atoparedes na parte esquerda.




Mediante esta ferramenta creamos unha ligazón a un contido que non se atopa na publicación ou material. Funciona do mesmo xeito que cando elaboramos unha páxina web. Temos que seleccionar unha zona, por exemplo unha imaxe, un enderezo web, etc,

que xa apareza na publicación e cando o lector preme nel levaralle ao enderezo que nos indiquemos.

Primeiramente debemos facer clic na icona da barra de ferramentas e un pequeno cadro con esa icona apareceranos no documento. É o momento de axustar o seu tamaño a imaxe ou enderezo que queremos que actúe como botón para disparar a ligazón. Tamén aparece unha xanela onde podemos tanto inserir dita ligazón como especificar unha definición de que fará esa ligazón.



Chegados a este punto é conveniente aclarar que a icona que vedes sobre a imaxe **DESAPARECE COMPLETAMENTE** á hora de visualizar, quedando a imaxe tal e como nós a inserimos.




Estamos sen dúbida ante unha das funcións máis interesantes xa que aínda que a

priori pode parece moi sinxela podemos facer moitas cousas con ela. A función é clara: ao premer sobre a zona indicada por nos no editor como enlace externo lévanos ata a páxina desexada.

Isto pode empregarse simplemente para elaborar un índice ao comezo da publicación, para crear documentos moi semellantes ao que sería unha páxina web, onde por medio destas zonas navegamos dentro del. Unha utilidade a salientar pode ser que ao propoñer unha serie de exercicios nunha páxina, tras premer neles o sistema lévanos ata a páxina onde se amosan as solucións, as aplicacións prácticas a eses exercicios, anexos con documentos importantes para resolvelos, etc. As posibilidades son infinitas. **TAN SÓ TEMOS QUE ENGADIR UN BOTÓN NA PÁXINA DE DESTINO QUE REALICE O CAMIÑO INVERSO PARA VOLVER A PÁXINA INICIAL DUN XEITO RÁPIDO.**



Ao igual que cas ligazóns externas, as zonas definidas por estas ligazóns internas son totalmente transparentes polo que sería conveniente empregalas sobre elementos que non deixen dúbidas: frechas, botóns, imaxes, etc.




Unha das capacidades de Calamèo é a posibilidade de inserir vídeos, aínda que nesta versión non podemos reproducilo en miniatura dentro do propio documento basta só con premer nel para que se reproduza automaticamente noutra xanela do navegador





onde estamos lendo o documento. Salientamos que aínda que non podemos reproducilo internamente si que é capaz de amosar as miniaturas directamente.

O sistema permite inserir vídeos de calquera plataforma estilo Youtube, Vimeo ou Daily Motion. Tan só temos que inserir o enderezo do vídeo e pegalo na xanela correspondente.




Nun primeiro momento non aparecerá a miniatura pero ao gardar e visualizar o traballo aí estará. Tan só temos que axustar o cadro ca icona de vídeo ao espazo que ao realizar o documento creamos para ese fin. Este será o resultado final que verá o lector.




Esta opción traballa dun xeito idéntico a como o fai a de vídeo da que falamos


anteriormente. Tan só temos que seleccionar un audio (ou crealo nós mesmos) dunha plataforma como Soundcloud e reproducirase ao premer nel.



A única diferencia é que o sistema indica ao lector que hai un audio cunha icona deste tipo.



Está opción pode resultar de especial interese cando estamos traballando calque contido relacionado cos idiomas xa que permite engadir dun xeito rápido exemplos de escoita a, por exemplo, textos.




No caso de que na elaboración do documento non engadiramos todas as fotografías ou simplemente queiramos tapar unha con outra tan só temos que empregar esta opción. Funciona exactamente igual á de engadir vídeo. Para poder subir a foto temos que previamente tela almacenada noutro espazo de internet, como pode ser Dropbox, Google Drive, etc. Copiaremos o enderezo web desa imaxe e pegaremos o mesmo xeito que cos vídeos.

Añadir una zona de zoom específica

A derradeira das opcións é unha das máis interesantes xa que permite realizar un “zoom” sobre unha zona que nos delimitemos: ben sexa un texto (para facilitar a súa lectura) ou unha imaxe (para salientar algún detalle).

De novo funciona de xeito idéntico as anteriores. Tan só temos que delimitar cun cadro azul a zona que será aumentada cando premamos nela e indicar que cantidade de ampliación queremos aplicar. Podemos escoller que amplíe entre unha e 5 veces o tamaño orixinal. Por isto é fundamental traballar con imaxes de boa calidade.



Unha vez gardado e publicado o documento o lector poderá premer nesa zona e aumentarase de xeito automático.

### **NOTA MOI IMPORTANTE**

Calamè non garda os avances no noso traballo de xeito automático polo que É MOI

RECOMENDABLE gardar manualmente os cambios cada certo tempo para estar cubertos en caso de algún fallo informático.

Lembramos que para gardar tan só tedes que premer no botón GARDAR de cor verde que atopades na esquina inferior dereita do Calamè Editor.

### **COMPARTIR A PUBLICACIÓN**

Unha vez realizadas todas as tarefas referentes ao traballo co noso material e gardados os cambios tan só queda unha cousa. COMPARTIR a publicación.

Iso é tan doado como acceder de novo a pestana PUBLICACIÓNS, na que inicialmente comezamos o noso traballo e premer na icona con forma de ollo da publicación que queremos compartir.



Nese momento abrírase unha nova pestana na que se cargará a nosa publicación. O enderezo URL que aparecerá na parte superior do navegador será o enderezo que temos que compartir con quen desexemos que visualice o material.

<https://es.calameo.com/read/005706812f2b9cf252246>